

Por un emprego digno

Non á precariedade

Ninguén pode negar que nos últimos anos medrou o emprego en Galiza, pero non hai motivo para que os cidadáns e cidadás esteamos ledos, por varias razóns:

- Xerou-se menos emprego que no noso entorno, moito menos! Nomeadamente, mentres nos últimos catro anos o emprego medraba nun 16,7% no Estado, en Galiza facia-o nun 5,77%. Ademais, moito do emprego creado son postos de traballo que xa existían *en negro* e que aboianon aproveitando as xenerosas subvencións do goberno.
- Por outra banda, a taxa de paro segue sendo no noso país moi elevada. No 1º trimestre deste ano, de 184.000 persoas. A eventualidade abrangue ao 34% dos asalariados, e son moitos os traballadores e traballadoras que fan horas extras (forzados) que non se lles pagan nen cotizan. O paro afecta especialmente ás mulleres e a eventualidade á mocidade.
- Por último, se as comparacións co noso entorno son hoxe negativas, que pasará cando remate o auxe económico actual na Unión Europea?...

Un dos casos máis graves de deterioración nas condicións de traballo son as ETTs (empresas de emprego temporal), agora transformadas moitas delas en empresas de servizos que fan prestamismo laboral encoberto, coa finalidade de pagar aínda salários máis baixos. Tanto nunhas como noutras os operarios deben estar sempre pendent dunha chamada para traballaren despois uns días ou unhas horas. Estamos unha situación de máxima explotación, con ingresos mínimos, seguro de desemprego e pensións non aseguradas.

Estamos nunha realidade social negativa para unha maioría dos traballadores e traballadoras (tendo en conta o contexto no que estamos inseridos), que se reflicte nas propias enquisas que a Xunta realiza: un 60% das familias din que lles custa chegar a final de mes. A isto debemos engadir a falta de postos de traballo e un 50% dos asalariados con emprego precario. Fronte a esta situación, a CIG formula as seguintes reivindicacións ó Goberno Galego, que é o responsábel político da situación económica e social que existe no país:

- Potenciar os sectores produtivos; eliminar todas as limitacións á produción impostas pola UE. Rematar coas privatizacións de empresas e sector público, e a deterioración dos servizos sociais básicos.
- Aumentar a cobertura das prestacións económicas por desemprego, máxime tendo en conta o actual superávit do sistema.
- Unha renda mínima para todos os parados sen recursos suficientes, como existe en toda a Unión Europea. Garantindo unha práctica de reinserción que inclua labores comunitarios (excluídas do mercado laboral) e formación.
- Eliminar as horas extras e mais as ETTs, e as novas empresas de servizos que fan prestamismo laboral.
- Reducir os contratos temporais a causas estruturais e cun maior custo nos seguros sociais.
- Rebaixar a xornada laboral ás 35 horas, sen perda de salario.



Confederación Intersindical Galega